



XXVI CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES “MEMORIAL LUIS LOUZAO”

Un bo manexador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ó mesmo tempo os posibles defectos que poida ter.

Este concurso consiste en que os xóvenes participantes demostran a súa habilidade na presentación de animais en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ó máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fins perseguidos con este concurso son:

- * Animar ós xóvenes a interesarse e participar, dende novos, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.
- * Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente foi menospreciado na nosa sociedade.
- * Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e poxas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendibilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

BASES DO CONCURSO

CONDICIÓN XERAIS

- 1.- O Concurso celebrarase o día 5 de Marzo ás 16:30 horas no Ring de Concursos de Frisón.
- 2.- Nel poderán participar todos aqueles mozos que o desexen e a súa idade non exceda dos 25 anos inclusive.
- 3.- Dada a gran diferenza de idade existente entre os participantes, establécense as seguintes categorías, según a súa idade.
A.- INFANTIL
B - JUNIOR
- 4.- A categoría INFANTIL está reservada a mozos menores de 15 anos.

- 5.- A categoría JUNIOR inclúe aqueles participantes con idades comprendidas entre os 15 e os 25 anos inclusive.
- 6.- Tomarase o día 28 de Febreiro de 2010 como data de referencia para determinar a idade dos concursantes.
- 7.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular ós mozos nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal con que vaia concursar.
- 8.- Os máis novos poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 7) polos seus pais u outras persoas.
- 9.- Os concursantes na categoría INFANTIL (punto 4) só poderán participar con animais inscritos nas seccións 1, 2, 3 e 4 dos Concursos.
- 10.- Os concursantes JUNIOR poderán competir exclusivamente con xovencas.

CONDICIÓN DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

- 11.- Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCO**.
- 12.- Comprobar que o animal que vai exhibir esté perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.
- 13.- Estar atento ás instrucións que se dean e presentarse puntualmente na pista, cando e cantas veces sexa requerido.
- 14.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, dacordo ás mesmas.
- 15.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.
- 16.- Estar preparado para respostar a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ó animal que conduce (idade, pais, etc).
- 17.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.
- 18.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respetuosa.

XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **D D. KENNETH EMPEY, Juez Internacional da Holstein Ass. Of Canadá.**

Serán misións deste xuíz:

19.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.

20.- Xulgar cada sección por separado.

21.- Dar as explicacións do por qué da colocación en cada unha das seccións, xulgadas, procurando aconsellar ós mozos como mellorar a súa técnica.

22.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que éstos deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto hacia os seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).

23.- As decisións do xuíz serán inapelables, por tanto, a participación implica a aceptación das mesmas.

SECCIÓNS

24.- *INFANTIS*

Sección 1ª: Nela participarán rapaces menores de 9 anos.

Sección 2ª: Inclúe a mozos con idades comprendidas entre os 9 e os 11 inclusive.

Sección 3ª: Os participantes á mesma terán unha idade comprendida entre 12 e os 14 anos inclusive.

Sección 4ª: Competirán os 2 primeiros clasificados nas seccións 1ª, 2ª e 3ª e concederanse os títulos de Mellor Manexador Infantil Gandagro 2010 e 2º Manexador Infantil Gandagro 2010.

25.- *JUNIORS*

Sección 5ª: Competirán mozos con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos inclusive.

Sección 6ª: Competirán nesta sección aqueles mozos que teñan unha idade comprendida entre os 18 e os 25 anos inclusive.

Sección 7ª: Competirán polo título de Mellor Xoven Manexador e 2º Xoven Manexador Gandagro 2010, os dous primeiros clasificados nas seccións 5ª e 6ª.

26.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis xóvenes poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.

PREMIOS

27.- Outorgaranse escarapelas ós 10 primeiros clasificados de cada sección.

28.- Concederanse trofeos ós Campións e Subcampións Infantís e Junior's.

29.- Os 6 primeiros clasificados como Mellor Manexador Infantil Gandagro 2010, Sección 4, serán premiados con:

1º Clasificado Campión INFANTIL Tarxeta regalo de 300 €

2º Clasificado Subcampión INFANTIL Tarxeta regalo de 200 €

* Resto de Clasificados Tarxeta regalo de 100 €

30.- Os 4 primeiros clasificados como Mellor Xoven Manexador Gandagro 2010, sección 7, serán premiados con:

1º Clasificado Campión JUNIOR Tarxeta regalo de 400 €

2º Clasificado Subcampión JUNIOR Tarxeta regalo de 300 €

* Resto de Clasificados Tarxeta regalo de 100 €

DISPOSICIÓN FINAIS

31.- A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.

32.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estiveran recollidas no mesmo.

CONCURSO PATROCINADO POR:



MAPFRE | AGROPECUARIA